

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO
INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

2. Réxime e goberno interior

2.1. Creación de órganos parlamentarios

2.1.1. Solicitud de creación de comisións

— 2746 Escrito das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía de emerxencia en relación coa pandemia covid-19 (12/SCI-000001).

Examínase o escrito das deputadas e deputados do G.P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía de emerxencia en relación coa pandemia covid-19.

Visto o disposto no artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Mesa adopta o seguinte acordo:

- 1.º) Admitir a trámite a solicitude.
- 2.º) Remitila á Xunta de Portavoces para os efectos da súa inclusión, se é o caso, na orde do día dunha sesión plenaria.
- 3.º) Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

